



Lectura fácil

Programa electoral do Partido Popular de Galicia en lectura fácil

A GALICIA QUE FUNCIONA
Alfonso Rueda

Adaptación a lectura fácil: Dolores Portela León.

Validación de textos: equipo de validación de FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Diseño: Iria García Ferreiro.

Texto redactado e validado seguindo as pautas de lectura fácil de Inclusion Europe e a norma UNE 153101 EX.

Logotipo europeo de lectura fácil na portada © Inclusion Europe.

Máis información en <https://www.inclusion-europe.eu/easy-to-read/>

ÍNDICE



Que é este documento?

Páxina 4



Presentación do programa electoral do Partido Popular

Páxina 5



A Galicia das persoas

Páxina 7



A Galicia que progresa

Páxina 9



A Galicia do futuro

Páxina 10



A dignidade de Galicia

Páxina 11



Que é este documento?

Este documento é un resumo do programa electoral do Partido Popular para as eleccións autonómicas do ano 2024.

Nas eleccións autonómicas eliximos ás persoas que queremos que gobernen Galicia.

O programa electoral do Partido Popular recolle as ideas e accións que quere conseguir o Partido Popular nos próximos 4 anos.

Este resumo do programa electoral do Partido Popular está pensado para persoas con dificultades de comprensión. Por iso, este documento está escrito en lectura fácil. A lectura fácil é unha forma de crear documentos máis fáciles de entender.

Podes consultar o programa electoral completo do Partido Popular na seguinte páxina web:

<https://rueda.gal/programa/>



Presentación do programa electoral do Partido Popular

Este ano 2024 os galegos e as galegas volven a votar para elixir ao partido que queren que governe Galicia. As galegas e os galegos volven a xogarse o seu futuro.

As galegas e os galegos merecen que o goberno de Galicia defenda os seus intereses sen descanso.

O Partido Popular preséntase para defender os intereses dos galegos e das galegas e mellorar as oportunidades das persoas na nosa terra. As persoas do Partido Popular están comprometidas en conseguir que Galicia mellore e que os galegos e as galegas vivan ben.

As persoas do Partido Popular pensan que as promesas deben cumprirse. Tamén pensan que os partidos políticos non deben enganar aos cidadáns e ás cidadás. Os partidos políticos deben dar confianza aos cidadáns e ás cidadás e resolver os problemas das persoas.

O Partido Popular ten moita experiencia gobernando Galicia. Grazas a esta experiencia, o Partido Popular presenta este programa electoral para seguir mellorando Galicia.

Galicia mellorou moito nestes anos pero debe seguir mellorando. O Partido Popular presenta con ilusión un programa electoral con ideas e accións que se poden cumprir.

O Partido Popular quere conseguir unha Galicia mellor para as galegas e os galegos do futuro.

Unha Galicia estable e tranquila para todas as persoas.

O Partido Popular conseguiu nestes anos

moitas melloras para Galicia

e quere seguir con enerxía conseguindo novas melloras.



A Galicia das persoas


- O Partido Popular pensa que as persoas son o máis importante de Galicia. Por iso, o Partido Popular atenderá as necesidades que teñen as persoas no seu día a día.
- O Partido Popular conseguirá que en Galicia todas as persoas sexan libres e teñan as mesmas oportunidades. Tamén traballará para que as persoas de Galicia reciban ben ás persoas de fóra porque os galegos e as galegas tamén emigramos a outros sitios.
- O Partido Popular conseguirá que as persoas novas de Galicia teñan oportunidades de traballo, teñan unha vivenda, poidan moverse por diferentes sitios e teñan actividades de ocio.
- O Partido Popular dará axudas ás persoas que viven en Galicia para ter fillos e fillas.
- O Partido Popular axudará ás persoas que viven en Galicia a ter unha saúde mellor.
- O Partido Popular atenderá cada vez mellor ás persoas que teñen problemas físicos, problemas psicolóxicos, problemas económicos ou problemas sociais.

- O Partido Popular respectará e coidará ás persoas maiores para que vivan como queiran e con quen queiran. As persoas maiores son moi importantes para unha sociedade. Por iso, o Partido Popular fará todos os esforzos para darlles o lugar que merecen.
- O Partido Popular de Alfonso Rueda conseguirá que Galicia sexa o mellor lugar para vivir para todos os galegos e as galegas.
- O Partido Popular de Alfonso Rueda apoiará sempre ás persoas de Galicia.



A Galicia que progresa

- O Partido Popular conseguirá que Galicia teña industria e empresas modernas. Tamén conseguirá que as empresas teñan beneficios pero sen danar a natureza de Galicia.
- O Partido Popular creará axudas para a investigación científica. Tamén axudará a que os resultados das investigacións científicas se leven á practica para mellorar a vida das persoas e a súa saúde física e mental.
- O Partido Popular quere conseguir que en Galicia usemos a tecnoloxía máis moderna pero coidando a nosa paisaxe e a nosa riqueza natural.
- O Partido Popular creará máis postos de traballo para todas as persoas. O Partido Popular manterá os traballos tradicionais por exemplo, os oficios do campo ou do mar. Tamén creará postos de traballo novos.
- O Partido Popular axudará a crear comercios e empresas en todas as aldeas, en todas as vilas e en todas as cidades.
- O Partido Popular de Alfonso Rueda conseguirá que Galicia sexa unha terra con oportunidades para todos e todas.
- O Partido Popular de Alfonso Rueda conseguirá que Galicia mellore e progrese.



A Galicia do futuro

- O Partido Popular quere unha Galicia aberta a novas oportunidades, pero tamén protexerá o patrimonio dos galegos e as galegas. O patrimonio dos galegos e as galegas é a nosa cultura, a nosa natureza ou os nosos monumentos.
- O Partido Popular protexerá os servizos públicos de Galicia.
- O Partido Popular baixará os impostos dos galegos e as galegas e aumentará a calidade de vida de todas as cidadás e cidadáns.
- O Partido Popular loitará contra o cambio climático para conseguir que Galicia teña industria e empresas pero sen danar a natureza.
- O Partido Popular conseguirá que Galicia reciba máis peregrinos e máis visitantes que coiden a natureza de Galicia. O Partido Popular axudará aos hoteis e aos restaurantes a ser mellores.
- O Partido Popular mellorará o funcionamento dos deportes en Galicia.
- O Partido Popular mellorará os edificios e as estradas de Galicia.
- O Partido Popular mellorará o funcionamento da xustiza e da policía de Galicia.
- O Partido Popular de Alfonso Rueda conseguirá unha Galicia moderna pero tamén unha Galicia orgullosa da súa cultura e da súa lingua.



A dignidade de Galicia

O goberno de España reparte máis cartos a unhas comunidades e menos cartos a outras.

Galicia recibe menos cartos que outras comunidades.

O Partido Popular defenderá que todas as comunidades autónomas reciban os cartos que necesitan do goberno de España.

Os cidadáns e as cidadás de Galicia cada vez son máis maiores. Por iso, Galicia necesita máis cartos para atender as súas necesidades.

O Partido Popular defenderá que Galicia reciba os cartos que lle corresponden para que cada galego e galega poida ter todas as oportunidades para mellorar a súa vida.

A Galicia de Alfonso Rueda é unha Galicia que non para.

A GALICIA QUE FUNCIONA